

Proyecto didáctico de Economía. 1º Bacharelato

Lourdes Arias Rodríguez

Rafael Prieto-Puga Fariña

Índice

- Obxectivos xerais (Deseño Curricular Base).
- Bloques de contidos (Deseño Curricular Base).
- A ensinanza-aprendizaxe da Economía.

As actividades.

- Secuenciación e temporalización da materia.
- A programación.
- Desenvolvemento da programación.
- A avaliación na Economía.
- Os instrumentos de avaliación.
- Criterios de avaliación.
- Mínimos esixíbeis.

A avaliación no Bacharelato.

- Medidas de atención á diversidade.
- Actividades de recuperación e reforzo.
- Temas transversais.
- Actividades complementarias e extraescolares.
- Materiais e recursos didácticos.

Proxecto Didáctico de Economía. 1º Bacharelato

Obxectivos xerais (Decreto 231/2002 de 6 de xuño. DOG de 15 de xullo)

- Coñecer e utilizar os conceptos económicos básicos. Elaborar e formular xuízos e criterios persoais acerca de problemas económicos de actualidade. Comunicar as súas opinións a outros, argumentar con precisión e rigor e aceptar a discrepancia e os puntos de vista distintos como vía de entendemento e enriquecemento persoal.
- Coñecer o funcionamento do sistema económico, identificando as diferentes magnitudes que se utilizan para seguir a súa evolución. Identificar e comprender o papel dos axentes económicos como protagonistas da actividade económica.
- Obter unha visión sintética do funcionamento económico a nivel mundial, manifestando interese por coñecer tanto os grandes problemas económicos actuais como as desigualdades económicas mundiais, a fame e o subdesenvolvemento, os problemas demográficos e de sobreexplotación dos recursos e a relación entre a produción e o consumo coa degradación medioambiental; analizándoos con sentido crítico e solidario.
- Interpretar as mensaxes, datos e informacións que aparecen nos medios de comunicación sobre problemas económicos actuais. Relacionar os feitos económicos significativos co contexto social, cultural e político en que ocorren. Trasladar esta reflexión á situación cotiá e analizar as medidas correctoras que se propoñen.
- Identificar o ciclo da actividade económica, distinguindo os diferentes sistemas económicos e formándose un xuízo persoal acerca das bondades e defectos de cada un deles.
- Identificar os mecanismos e valores da economía de mercado coñecendo o seu funcionamento, así como os seus límites e fallos, formulando un xuízo crítico do sistema.
- Coñecer e comprender os rasgos característicos da situación e perspectivas da economía galega e española, analizando a súa situación no contexto económico internacional.
- Analizar e valorar criticamente as repercusións do crecemento económico sobre o medio ambiente e a calidade de vida das persoas.

Bloques de contidos (Decreto 231/2002 de 6 de xuño. DOG de 15 de xullo)

1º A actividade económica e os sistemas económicos

- Concepto e método na economía.
- Conflito entre recursos escasos e necesidades ilimitadas. Clasificacións de necesidades e bens económicos, así como dos instrumentos utilizados para medir o seu nivel de satisfacción.
- contido económico das relacións sociais. As relacións de produción e os sistemas económicos: rasgos diferenciais. Formas históricas de propiedade e de relación entre as persoas, segundo a súa posición no proceso produtivo.
- Os factores de produción.
- Actividade económica e poboación: distribución, crecemento e estrutura. Taxas de actividade, ocupación e paro.
- Consideración económica do medio ambiente. Consumo de materias primas e enerxía. Actuacións económicas agresivas coa natureza e medidas correctoras.

2º Producción e interdependencia económica

- O proceso de produción: os seus elementos. As unidades de consumo e produción. Fluxos de bens e servizos que teñen lugar na economía, representación e interdependencia.
- Os axentes económicos. O fluxo da renda entre as economías domésticas, as empresas e o Estado.
- División técnica do traballo, produtividade e interdependencia. A empresa como instrumento de coordinación da produción.
- Análise dos sectores económicos da economía galega e española.
- Datos sectoriais da economía galega e española: comparación con outras zonas. Puntos fortes e débiles da economía galega na súa contextualización dentro dunha economía global.

3º Intercambio e mercado

- A formación do excedente e o intercambio. O mercado e a asignación de recursos. Os fallos do mercado.
- A oferta e a demanda de bens. O equilibrio do mercado e a fixación dos prezos. Expresión gráfica do equilibrio da empresa no mercado de competencia perfecta. A elasticidade.
- Funcionamento dos diferentes tipos de mercado. Efectos que se producen no prezo e nas cantidades de equilibrio no contorno de cada un deles.
- A competencia perfecta e imperfecta. Tipos de mercado que operan na realidade e comparación cos estudados a nivel teórico.

4º Macroeconomía. As magnitudes nacionais e indicadores dunha economía

- Macroeconomía. Riqueza nacional e individual. O Produto Nacional e as principais magnitudes relacionadas. Cálculo e relacións entre variábeis macroeconómicas, do produto interior á renda dispoñíbel.
- As fontes de información.
- A distribución da renda. Comparación entre distintos sistemas e niveis de desenvolvemento.
- Os medidores de riqueza. Cálculo e interpretación de indicadores económicos básicos e análise cuantitativa e cualitativa.
- Desenvolvemento e crecemento.
- A interdependencia da actividade económica. A produción e as relacións intersectoriais.

5º A toma de decisións e a intervención do Estado na economía

- O papel do sector público na economía: principais alternativas e obxectivos perseguidos coa intervención. O paradigma clásico e intervencionista.
- Os orzamentos: os ingresos e os gastos públicos, principais fontes de ingreso e principais destinos do gasto. A política fiscal.
- As grandes opcións de política económica ante problemas estruturais: desemprego, déficit público e degradación medioambiental.

6º Aspectos financeiros da economía

- O diñeiro: funcións e clases. Proceso de creación do diñeiro.
- A oferta monetaria, compoñentes e cálculo.
- Valor do diñeiro, indicadores da súa variación. Estudo e interpretación de índices de prezos.
- A inflación, identificación das distintas teorías explicativas e consecuencias sobre os axentes económicos.
- O sistema financeiro. A política monetaria.
- As opcións de política económica ante problemas como a inflación, o investimento, o desemprego.

5º Economía internacional

- As relacións económicas internacionais. O comercio internacional. Interpretación e análise dos datos esenciais da balanza de pagamentos. Fluxos monetarios que a economía galega e española manteñen co exterior.
- O sistema monetario internacional. Os tipos de cambio e o comercio internacional.
- As relacións económicas nun espazo global. A globalización dos mercados de bens e financeiros. O crecemento económico internacional nas diferentes áreas económicas.
- Acordos e tendencias actuais de cooperación e integración económica: áreas rexionais de integración económica. A Unión Europea.
- O problema do subdesenvolvemento. A fame e a pobreza. O círculo vicioso da pobreza.

Actitudes, valores e normas:

- Curiosidade por comprender os distintos enfoques que se poidan dar no estudo das ciencias sociais.
- Interese polo correcto uso dos termos e conceptos económicos á hora de formular opinións sobre fenómenos ou problemas de actualidade. Ser capaz de transmitir información con rigor empregando a terminoloxía e os conceptos aprendidos.
- Curiosidade por comprender as informacións económicas dos medios de comunicación. Análise comparativa e valoración crítica das informacións que aparecen nos diferentes medios de comunicación social sobre un mesmo feito, diferenciando entre datos, opinións e predicións.
- Desenvolver unha actitude crítica fronte ás inxustizas sociais e ás desigualdades económicas existentes no mundo.
- Manter unha actitude crítica ante as consecuencias da publicidade, as técnicas abusivas de consumo e os seus efectos sobre a calidade de vida das persoas.
- Desenvolver unha actitude de comprensión e interese na solución de problemas como a baixa natalidade existente en Galiza e España, así como o aumento de poboación maior, coas repercusións que estes feitos teñen na sociedade.

- Valoración do medio ambiente como un sistema, no que repercuten as actividades económicas; valoración, así mesmo, das consecuencias que os mecanismos económicos imponen ás persoas e ás sociedades.
- Interese por formar opinións propias sobre cuestións polémicas de actualidade.
- Predisposición favorábel ao traballo en equipo, sendo capaces de abordar de forma autónoma o estudo dos problemas do seu contorno e de realizar investigacións de carácter económico-social.

A Ensinanza-Aprendizaxe da Economía

- Diferentes enfoques.

Á hora de levar adiante o desenvolvemento do Deseño Curricular desta materia, é preciso ter en conta que non hai un único enfoque que se lle poida dar, senón, máis ben, múltiples enfoques que responderán ás diferentes concepcións existentes sobre o que é ou debe ser a materia de estudo, e mesmo a propia visión e valoración das relacións económicas que se manifestan na sociedade.

- Partir do próximo.

O coñecemento asúmese máis facilmente partindo do máis próximo e concreto ao máis abstracto e amplo. Na actividade económica danse moitos feitos que pola súa proximidade son facilmente identificábeis e comprensíbeis, que son os que debemos usar como referencia fronte a aqueles máis abstractos e afastados, nos que moitas veces é difícil establecer a relación entre as decisións e as súas consecuencias.

- Combinar conceptos con procedementos.

A programación a levar adiante está baseada nunha combinación de conceptos e procedementos que recorren os grandes eixes do DCB. Conceptos que permiten acceder ás leis e principios económicos, así como ás experiencias pasadas. Procedementos que permiten aplicar casos reais, describir espazos, analizar situacións, representar datos, comparar situacións, etc.

- Actitudes e valores.

Ao longo do curso, dun xeito directo ou utilizando aspectos transversais, deberanse desenvolver e potenciar determinadas actitudes e valores de solidariedade, comprensión, tolerancia... fronte a problemas como o da pobreza, desigualdade, inxustiza, etc.

A selección dos contidos

- Combinar intereses

No referente á selección de contidos concretos deberíase ter en conta as normas e principios económicos e os problemas actuais, así como os intereses do alumnado (Travé, 2001). Os fenómenos económicos deben ser estudados procurando a súa comprensión global máis que a súa parte técnica, e complementarase con actividades concretas que permitan adaptar os contidos á realidade, procurando a maior proximidade posíbel, así como a conexión con aquelas outras ciencias que rodean ao alumnado no seu contexto escolar.

- Criterios de selección

Tendo en conta os bloques de contidos presentados no DCB e dentro da priorización e ordenación que implica toda programación, convén prestar atencións aos seguintes criterios:

- Seleccionar os contidos de maior poder explicativo, que son válidos para comprender os distintos sistemas económicos e diferentes situacións dentro dos sistemas.
- Limitar ao imprescindible as explicacións das formas e técnicas matemáticas, evitando incidir de maneira excesiva na resolución de problemas que presenta a linguaxe matemática e sen esquecer o seu papel de instrumento cara á descrición, interpretación e explicación da realidade económica.

- Introducir non só aqueles contidos conceptuais básicos, aplicábeis a calquera sistema económico, senón aqueles procedementos máis claramente asociados á forma de abordar os problemas económicos, considerando a Economía máis como método que como doutrina.
- Tendo en conta que a Economía desempeña un papel moi importante na configuración de valores e actitudes, darlle especial importancia ás actitudes relacionadas coa solidariedade entre as persoas, grupos e pobos, á valoración de relacións non competitivas, á actitude crítica diante das inxustizas e desigualdades económicas, á importancia da conservación do medio natural, e ao rexeitamento do consumo innecesario.

Metodoloxía

A metodoloxía practicada parte da idea de que o proceso de ensinanza e aprendizaxe é unha interacción entre dous elementos: o profesorado e o alumnado. Esta interacción maniféstase no papel que tanto ao alumnado como ao profesorado se lle teñen asignado nas prácticas pedagóxicas. Ao profesorado correspóndelle ser guía do proceso, poñendo a disposición dos alumnos e alumnas as axudas necesarias para acadar os obxectivos programados, e ao alumnado correspóndelle facer o esforzo intelectual de construír o coñecemento.

O obxectivo metodolóxico último debe ser lograr unha aprendizaxe comprensiva e con posibilidades de ser aplicada en diferentes contextos.

As axudas que presta o profesor ou profesora nun grupo de alumnos requiren tanto de intervencións globais como individuais. En cada momento o profesor ou profesora deberá empregar as estratexias adecuadas que lle permitan, tendo en conta as distintas necesidades do alumnado, atender as capacidades que se intentan desenvolver.

- Principios metodolóxicos.

A programación docente supón unha reflexión sobre os contidos que se van ensinar e sobre as actividades que favorecen a súa aprendizaxe. Porén, hai unha serie de principios básicos que se deben respectar:

- En primeiro lugar, para que un alumno ou alumna poida alcanzar uns coñecementos novos é imprescindible que substitúa, modifique ou complete os coñecementos previos que xa adquirira.
- En segundo lugar, é necesario respectar os niveis de desenvolvemento cognitivo que os alumnos e as alumnas teñen. Así unhas cousas apréndense a unha determinada idade e outras a outra.
- En terceiro lugar, o nivel de dificultade e complexidade das actividades educativas que se propoñan debe situarse entre o que xa saben facer autonomamente e o que son capaces de facer coa axuda do profesor ou dos compañeiros.

Dun xeito xeral a metodoloxía a empregar debe activar os ‘coñecementos previos’ que posúen as alumnas e os alumnos, mediante actividades que verifiquen o que xa saben, tratando de que sexan conscientes do seu coñecemento. Deben así mesmo fomentar a actividade do alumnado e, finalmente, as actividades propostas na aula deben promover o desequilibrio dos esquemas existentes no alumnado. Todo isto pódese facer mediante exposicións orais do profesorado, lectura de textos, utilizando experimentacións, promovendo investigacións, etc.

A actividade de aula debe facilitar a adquisición por parte dos alumnos e das alumnas de estratexias mentais que melloren a súa capacidade de pensar e aprender, como poden ser as actividades de repaso, elaboración de esquemas, cálculo, redacción de textos, etc.

- Os contidos

En todo caso, previa a utilización dun tipo ou doutro de actividades, debemos considerar se os alumnos e as alumnas poden descubrir por si mesmos os conceptos fundamentais da materia a partir dos procedementos de observación, análise e indagación. No caso de que a resposta sexa negativa, e sempre no contexto da aprendizaxe dos contidos conceptuais propios da Economía, ao ser os contidos demasiado difíciles ou complexos para a súa aprendizaxe por descubrimento, procederase á súa presentación de forma expositiva.

A organización deste tipo de actividade deberá respectar as condicións para que se dea a aprendizaxe significativa, activando os coñecementos previos dos alumnos e das alumnas no encabezamento ou introdución e establecendo, por parte do profesorado, o contexto de interpretación da actividade, de xeito que se poidan establecer relacións entre os coñecementos previos e os contidos de aprendizaxe que veñen a continuación. Así, o profesor ou profesora fará comparacións, exemplificacións, etc.

A exposición deberá estar ben organizada, é dicir, desenvolveranse xerarquicamente redes conceptuais e os seus elementos reorganizaranse seguindo un fío condutor.

A respecto dos contidos procedementais, ou o saber facer en Economía, consisten en saber manexar información, realizar cálculos, facer análises, comparar situacións, interpretar valores, etc. Ter adquirido un procedemento significa posuír a capacidade de utilizalo en diversas situacións. Unha das características propias das aprendizaxes referidas a contidos procedementais é que estes se consolidan coa práctica, polo que haberá que insistir en cómo se van facendo as cousas, no proceso máis que no resultado, de xeito que ante unha nova tarefa a aplicación dun determinado proceso sexa espontánea, sen que dependa das indicacións do profesor.

No traballo sobre situacións económicas é preciso o emprego de índices ou indicadores. Este nivel de traballo e abstracción precisa do dominio das fontes de información: onde están, como utilízalas, que datos son máis fiábeis, etc. ás que se lle deberá dar unha atención especial para adquirir a destreza necesaria no seu uso.

É importante que o estudante manexe técnicas que faciliten o estudo das relacións entre variábeis, como é conectar entre si conceptos obtidos en distintas unidades para aplicalos a situacións novas, como cando se estuda as medidas de política económica por exemplo, ou a reconversión dun sector produtivo, ou ben as relacións entre o tipo de xuro e o consumo e o investimento, etc.

Os exercicios prácticos de redacción de pequenos informes, elaboración de mapas conceptuais, ou valoracións e xuízos propios sobre problemas económicos, deben constituír instrumentos útiles para a autocomprobación dos estudantes e do profesorado das ideas captadas e a súa capacidade de aplicación. Outra actividade recomendada é a de organizar debates sobre temas controvertidos que leven á contraposición pública de argumentacións.

Valorando o carácter da materia, o uso da prensa é obrigado, dada a súa facilidade e accesibilidade, e é aí onde está a conexión directa entre a teoría e a realidade. A obtención de información hoxe non

debería ser un problema, dado que hai abundantes xornais que proporcionan información moi doada para a súa utilización na aula, ademais tamén se poderá contar con internet.

No caso dos contidos actitudinais, os alumnos e as alumnas deberán mostrar tendencia a comportarse ou expresarse dunha determinada maneira ante dunha determinada situación ou problema. Ao deseñar, pois, a ensinanza haberá que crear situacións na aula de xeito que os alumnos e as alumnas poidan mostrarse interesados, conscientes ou sensibilizados, e mostrar actitudes de atención, de rexeitamento ou de valoración positiva ou negativa ante os casos estudados.

- Actividades e estratexias para a aprendizaxe

Os contidos procedementais poden estar relacionados coa comunicación, a expresión, a procura de información, a representación, a lectura e comentarios de textos, a elaboración propia de escritos, síntese de informacións, ou análise e representación de datos por medio de gráficos. Tamén se incluírían exposicións, debates, visitas, e un longo etc.

- Análise comparativa

Utilizada para establecer diferenzas e similitudes entre situacións, países, sectores, etc., debe permitir obter conclusións.

- Análise de orzamentos

A partir duns orzamentos detallados (mellor os de un concello), identificar os diversos gastos.

Permite manexar conceptos como o de planificación, priorización de gasto, investimento, ingresos e gastos correntes, etc.

- Lectura e análise documentos

Permiten obter información e coñecer análises e escritos feitos por outras persoas. Deben entender o significado, ser capaces de extraer as ideas principais, facer un resumo, etc.

- Análise de recibos

A análise de recibos como o da auga, luz, gas, teléfono, etc. Permite obter información sobre produtos, procesos, custos, impostos, etc.

- Debates

Utilízanse para facer exposicións e contrastar argumentos enfrontados a respecto dun tema, do que previamente se fixo un labor de investigación.

- Análise da prensa

Permite coñecer os problemas máis actuais, tanto no sentido social como económico, así como contrastar as diferentes versións que sobre un mesmo tema se poden ter.

Tamén poder servírnos aos revés, é dicir, a partir dun dato, suceso ou situación, confeccionar unha noticia.

- Análise publicidade

Permite manexar conceptos referidos a hábitos e consumos, así como introducir o consumo responsable e a crítica ao consumismo.

- Reciclaxe

O consumo responsable obríganos non só a consumir menos, senón mellor. O coñecemento dos procesos de reciclaxe utilizados en cada lugar contribúe a concienciarse na súa necesidade.

- Estudo de casos

Serven para presentar un caso ou situación e a partir dela extraer conclusións máis xerais.

- Lecturas de libros

Existen libros que, por medio de historias, introducen de forma clara e fácil ao alumnado en conceptos e procesos económicos.

- Visitas e saídas

Permiten comprobar como se desenvolven na práctica os diversos procesos económicos. Requiren unha preparación previa e unha posterior elaboración de informes.

- Seguir a pista

Facer un seguimento dun produto desde o seu estado de materia prima até o seu consumo.

- Visionado de películas

Por medio dunha historia podemos seguir procesos, actitudes, comportamentos, etc.

- Localización de datos en internet

Utilización de buscadores que permitan acceder á información máis recente a nivel nacional ou internacional.

- Elaboración de traballos, estudos ou informes

Require o esforzo por parte do alumnado de obter unha información e logo presentala, de acordo cuns criterios previamente establecidos.

- Como funciona...

Permite coñecer determinados procesos: produción, comercialización.

- De que vivimos?

Permite achegarnos ao máis primario. Que recursos temos, de onde obtemos o que necesitamos.

- Elaboración de gráficos, mapas, etc.

Serven para mostrar formas de presentar informacións. Permiten desenvolver outras capacidades.

Secuenciación e temporización da materia

Introdución. A economía como obxecto de estudo	5 sesións
Ude. I O sistema económico	15 sesións
A actividade económica.	5 sesións
Os factores de produción.	6 sesións
Os sistemas económicos.	4 sesións
Ude. II Os elementos do sistema	13 sesións
A poboación.	7 sesións
A natureza.	6 sesións
Ude. III A organización e o funcionamento do sistema	24 sesións
Os axentes económicos.	7 sesións
Intercambio e o mercado.	5 sesións
Demanda, oferta e o equilibrio no mercado.	12 sesións
Ude. IV O crecemento económico e a riqueza	26 sesións
As variábeis macroeconómicas.	20 sesións
As interrelacións económicas: as TIOGA	6 sesións
Ude. V As políticas económicas	23 sesións
O sector público na economía. A política fiscal.	13 sesións
O sistema financeiro e a política monetaria.	10 sesións
Ude. VI A economía internacional.	18 sesións
As relacións económicas internacionais.	4 sesións
A balanza de pagamentos.	4 sesións
A Unión Europea.	4 sesións
Crecemento económico e desenvolvemento.	6 sesións
Total horas lectivas	124 sesións
Actividades extraordinarias	4 horas
Actividades extraescolares	6 horas
Total	134 horas

Programación

Introdución. A economía como obxecto de estudo

1. Diferentes enfoques no estudo da economía.
2. O sistema económico
3. A relación con outras ciencias
4. A economía e os economistas.

Tema 1.A actividade económica

1. A actividade económica
2. As necesidades e os bens
3. A produción de bens e servizos para satisfacer as necesidades

Tema 2. Os factores de produción

1. As entradas do proceso produtivo
2. Factor terra
3. Factor traballo
4. Factor capital
5. Eficiencia ou produtividade dun factor

Tema 3. Os sistemas económicos

1. Concepto de sistema
2. Os elementos que configuran un sistema económico.
3. Clases de sistemas
4. Os sistemas económicos na actualidade

Tema 4. A poboación

1. Análise dinámica e estática da poboación.
2. As teorías sobre o crecemento
3. Análise estática da poboación

Tema 5. A natureza

1. Economía e medio ambiente
2. O estudo dos ecosistemas. Características
3. As funcións económicas do medio natural
4. A explotación sustentábel cara a unha xestión dos recursos naturais
5. A polémica entre os economistas

Tema 6. Os axentes económicos

1. Os protagonistas da actividade económica
2. As economías domésticas ou fogares
3. As empresas
4. O Sector Público
5. A terciarización da economía
6. Outros organismos que participan na vida económica e social

Tema 7. Intercambio e mercado

1. O intercambio e a aparición do diñeiro
2. O valor das mercadorías intercambiadas: os prezos
3. O mercado

Tema 8. Demanda, oferta e equilibrio de mercado

1. A microeconomía
2. Análise da demanda
3. A elasticidade da demanda
4. Análise da oferta: a teoría da produción
5. O equilibrio do mercado
6. A competencia imperfecta, realidade actual do mercado

Tema 9. As variábeis macroeconómicas

1. A microeconomía e a macroeconomía.
2. As variábeis macroeconómicas
3. As relacións entre as variábeis
4. A Renda Interior e a distribución do PIB
5. Os ciclos económicos
6. Como medir a riqueza dun país
7. Relación entre crecemento e destrución medioambiental.

Tema 10. As interrelacións económicas: as TIOGA

1. A interdependencia da actividade económica
2. Zona A: Transaccións intermedias
3. Zona B: A produción final
4. Zona C: O valor engadido

Tema 11. Osector público na economía. A política fiscal

1. A intervención do sector público na economía. Dúas maneiras de entender o problema: Liberalismo e intervencionismo
2. A teoría keynesiana sobre a intervención do Estado
3. A situación actual
4. A política económica
5. Os orzamentos
6. A Política Fiscal
7. Clases de Política Fiscal
8. O ciclo orzamentario

Tema 12. O sistema financeiro e a política monetaria

1. O diñeiro. Orixe e funcións.
2. O nacemento da banca
3. Como medir o diñeiro que temos? A oferta monetaria
4. O sistema financeiro
5. O mercado de valores
6. A inflación
7. A política monetaria

Tema 13. As relacións económicas internacionais

1. Economías abertas e pechadas
2. Proteccionismo e librecambio
3. A globalización da economía
4. Aspectos monetarios do comercio internacional
5. A orde económica internacional

Tema 14. Balanza de pagamentos

1. Os intercambios externos
2. Estrutura da balanza de pagamentos
3. O equilibrio na balanza de pagamentos
4. Balanza de pagamentos e niveis de desenvolvemento

Tema 15. A Unión Europea

1. A creación dunha Europa unida
2. Etapas na construción da UE
3. As ampliacións da Unión Europea
4. As políticas europeas.
5. O Sistema Monetario Europeo (SME)
6. O financiamento da Unión Europea
7. As Institucións da UE

Tema 16. Crecemento económico e desenvolvemento

1. As grandes liñas do desenvolvemento mundial
2. Causas do crecemento económico
3. A fotografía do planeta. Centro, Periferia e Semiperiferias
4. Elementos que poden explicar o crecemento dos países capitalistas avanzados
5. Os problemas do crecemento nos países subdesenvolvidos
6. Tendencias actuais do comercio mundial

Desenvolvemento da Programación

Introdución: A economía como obxecto de estudo

Unidade de traballo: A economía como obxecto de estudo

Obxectivos didácticos:

- Distinguir as diferentes maneiras de que se pode abordar o estudo da economía.
- Identificar o obxecto de estudo da economía.
- Comentar o contido económico das ciencias sociais e medioambientais.
- Contrastar as concepcións da economía máis actuais coas clásicas.
- Entender qué é un sistema e identificar os seus elementos.
- Encadrar nos parámetros espazo-tempo os feitos e relacións económicas como xeito de contextualizalos.
- Relacionar a economía con outras ciencias.
- Identificar as diferentes escolas de pensamento económico.

Contidos conceptuais:

- Os diferentes enfoques no estudo da economía.
- Ciencia da produción.
- Ciencia social.
- Ciencia da natureza.
- Administración de recursos escasos.
- O sistema económico.
- A relación con outras ciencias.
- A economía e os economistas.

Contidos procedementais:

- Localización de exemplos concretos que mostren os diferentes enfoques de estudos da economía.
- Identificación das actividades produtivas e procesos de traballos no seu contorno.
- Lectura, interpretación e análise de informacións, interpretando a diferente evolución do pensamento económico.
- Análise e comentario de textos propostos sobre aspectos tratados nesta unidade, así como a súa discusión en grupo.
- Identificación en casos concretos dos problemas medioambientais derivados da explotación dos recursos.

Contidos actitudinais:

- Mostrar interese polos feitos económicos.
- Valorar as achegas da economía aos feitos sociais ao longo da historia.
- Valoración da importancia que ten a formación nunha persoa, cara ao traballo e á súa relación coa calidade de vida e co ocio.
- Deixar de lado a visión da economía como algo illado e mostrar a súa conexión co resto das ciencias.

Unidade I: A actividade económica

Unidade de traballo 1ª: A actividade económica

Obxectivos didácticos:

- Diferenciar os distintos tipos de necesidades que se dan nas sociedades, tanto a nivel individual como colectivo; comentando cómo actúa o ser humano para satisfacer as súas necesidades.
- Comparar e analizar o grao de satisfacción das necesidades no mundo, contrastando a diferenza entre un Norte desenvolvido e un Sur menos desenvolvido.
- Clasificar as distintas necesidades que se poden dar nunha sociedade.
- Manexar índices económicos.
- Distinguir un ben económico doutro que non o é.
- Clasificar os distintos tipos de bens.
- Perfeccionar o manexo e construción de gráficos.
- Mostrar unha actitude solidaria cara á defensa dos máis necesitados e do medio ambiente.

Contidos conceptuais:

- A actividade económica.
- As necesidades e os bens.
- A produción de bens e servizos para satisfacer as necesidades.

Contidos procedementais:

- Análise e clasificación das necesidades e o seu grao de satisfacción segundo o nivel de desenvolvemento.
- Lectura, interpretación e análise de datos, cadros estatísticos e gráficos referidos ao nivel de satisfacción de necesidades en Galiza, España e no mundo, construíndo gráficos sobre a súa situación actual por sexos, utilizando diversas fontes de documentación.
- Análise e comentario de textos propostos sobre aspectos tratados nesta unidade, así como a súa discusión en grupo.
- Manexo de exemplos que permitan diferenciar os distintos tipos de bens.
- Análise comparativa e crítica de informacións dos medios de comunicación social sobre feitos ou fenómenos económicos, diferenciando datos, opinións e predicións.

Contidos actitudinais:

- Valoración da situación das desigualdades económicas e sociais no contexto mundial.
- Actitude non sexista diante do papel da muller no mundo social e laboral.
- Interese en formar opinións propias sobre cuestións polémicas de actualidade.

Unidade de traballo 2ª: Os factores de produción

Obxectivos didácticos:

- Identificar os factores que son necesarios para producir.
- Recoñecer o medio ambiente como un factor de produción.
- Recoñecer as materias primas e a enerxía como factores primarios de produción.
- Coñecer o funcionamento da empresa como elemento coordinador dos factores produtivos.

- Elaborar unha clasificación dos distintos tipos de empresa.
- Perfeccionar o manexo de cálculos e construción e gráficos.
- Mostrar unha actitude solidaria cara á defensa do medio ambiente.

Contidos conceptuais:

- As entradas do proceso produtivo
- Factor terra
- Factor traballo
- Factor capital
- Eficiencia ou produtividade dun factor

Contidos procedementais:

- Identificación dos factores de produción nas actividades produtivas do seu contorno.
- Análise dos distintos inputs que permiten levar adiante o proceso de produción.
- Lectura, interpretación e análise de datos, cadros estatísticos e gráficos referidos á poboación activa, ocupada e parada, en Galiza e España, interpretando a diferente evolución do mercado de traballo español e doutros países europeos, así como no resto do mundo.
- Cálculo das taxas de actividade, ocupación e desemprego da poboación galega, construindo gráficos sobre a súa evolución e a situación actual por sexos, utilizando diversas fontes de documentación e comparando con outras realidades..
- Análise e comentario dos datos tratados nesta unidade, así como a súa discusión en grupo.
- Elaboración de gráficos cos datos proporcionados nesta unidade.
- Identificación en casos concretos dos problemas de sobreexplotación de recursos e medioambientais derivados da actividade económica.
- Identificación das razóns da división técnica do traballo mediante o estudo de casos.
- Análise comparativa e crítica de informacións dos medios de comunicación social sobre feitos ou fenómenos económicos, diferenciando datos, opinións e predicións.
- Identificación mediante exemplos concretos das diferentes acepcións do concepto de capital.

Contidos actitudinais:

- Mostrar interese por coñecer os recursos que dispón cada zona.
- Valoración da importancia do coidado do medio ambiente en canto que provedor de recursos.
- Valoración da situación das desigualdades económicas nos eidos da poboación activa, ocupada, etc. no contexto mundial.
- Actitude non sexista diante do papel da muller no mundo laboral.
- Interese en formar opinións propias sobre cuestións polémicas de actualidade.

Unidade de traballo 3ª: Os sistemas económicos

Obxectivos didácticos:

- Recoñecer a sociedade como un sistema, identificando os elementos que o forman, así como as súas interrelacións.
- Coñecer o funcionamento do sistema económico, identificando as magnitudes que se utilizan para seguir a súa evolución.

- Identificar os distintos xeitos de organización económico-política que se poden dar nas sociedades e a súa plasmación nos distintos sistemas económicos.
- Diferenciar os distintos sistemas económicos actuais.

Contidos conceptuais:

- Concepto de sistema
- Os elementos que configuran un sistema económico
- Clases de sistemas
- Os sistemas económicos na actualidade

Contidos procedementais:

- Identificación das diferenzas nas relacións de propiedade, produción, distribución e consumo nos sistemas capitalista e socialista.
- Análise de feitos e cuestións económicas, indagando nos seus antecedentes históricos e sinalando as circunstancias de tipo técnico, económico e político coas que estean relacionados.
- Análise da evolución recente dos sistemas económicos mediante a utilización de diversas fontes de documentación.
- Análise comparativa e crítica de informacións dos medios de comunicación social sobre feitos ou fenómenos económicos, diferenciando datos, opinións e predicións.

Contidos actitudinais:

- Valoración dos aspectos positivos e negativos dos diferentes sistemas económicos.
- Valoración da resposta que as diferentes sociedades deron á situación das desigualdades económicas no contexto mundial.
- Interese en formar opinións propias sobre cuestións polémicas de actualidade.

Unidade II : Os elementos do sistema

Unidade de traballo 1ª: A poboación

Obxectivos didácticos:

- Identificar os problemas de crecemento da poboación actual mundial, con especial atención na repercusión nas zonas máis pobres do planeta.
- Distinguir as diferentes taxas ou índices que se empregan no estudo demográfico.
- Confeccionar mapas e táboas con datos representativos referentes a aspectos demográficos, comparando situación entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos.
- Extraer conclusións a partir do estudo dos fenómenos migratorios sobre as súas causas e repercusións nas sociedades desenvolvidas.
- Ter unha actitude solidaria ante os cidadáns e cidadás provenientes doutras rexións do mundo que buscan unha oportunidade de mellorar as súas condicións de vida por medio da emigración.
- Comentar as principais teorías sobre os problemas demográficos.
- Describir a relación existente entre a poboación e o desenvolvemento económico.
- Identificar os problemas que se derivan das actuais tendencias de urbanización que se dan no mundo.
- Recoñecer as diferenzas de xénero existentes nas nosas sociedades.

- Identificar os problemas e as vantaxes que se derivan das distintas estruturas de idade que se dan nos distintos países.

Contidos conceptuais:

- Análise dinámica e estática da poboación.
- As teorías sobre o crecemento da poboación.
- Análise estática da poboación.
- A estrutura de idade.
- A situación da muller.
- O proceso de urbanización.
- Ocupación e desenvolvemento.

Contidos procedementais:

- A partir de datos e informacións estatísticas, identificación da contradición poboación-recursos.
- Manexo de táboas e índices demográficos, así como elaboración a partir de datos de gráficas e mapas.
- Identificación de políticas familiares, segundo o nivel de desenvolvemento do país ou rexión.
- Localización dos fenómenos migratorios actuais, así como investigación das súas causas.
- A partir de datos propostos, referidos á situación de ocupación e emprego sectorial, identificación do país ou rexión do que proveñen, segundo o seu grao de desenvolvemento.
- Elaboración de mapas, gráficos e táboas que manifesten as diferenzas entre os distintos países, sobre as variábeis estudadas.

Contidos actitudinais:

- Mostrar actitude e comportamento de curiosidade diante dos problemas demográficos.
- Desenvolver unha actitude positiva ante os fenómenos de discriminación que se dan no mundo actual, rexeitándoos.
- Valoración dos distintos comportamentos existentes no mundo como manifestación das diferentes culturas, mostrando tolerancia cara a elas.
- Desenvolver actitudes positivas fronte aos problemas de discriminación da muller, así como o rexeitamento da segregación dos individuos provenientes doutras culturas.

Unidade de traballo 2ª : A natureza

Obxectivos didácticos:

- Identificar as características que definen un ecosistema.
- Identificar as funcións económicas do medio ambiente.
- Entender que o medio ambiente é un recurso escaso e que o seu uso ten un custo social que hai que considerar, proporcionando medidas económicas correctoras.
- Recoñecer a necesidade dun desenvolvemento sustentábel.
- Identificar ao factor terra co medio natural, que é fonte e destino da produción.
- Identificar o concepto de sustentabilidade e emitir opinións fundamentadas sobre se existen ou non límites ao crecemento.

Contidos conceptuais:

- A economía e o medio ambiente
- O estudo dos ecosistemas.
- As funcións económicas do medio natural.
- A explotación sustentábel cara a unha e xestión dos recursos naturais.
- A polémica entre os economistas.

Contidos procedementais:

- Elaboración de esquemas de relación entre as áreas da economía e a degradación do medio ambiente.
- Comentario das políticas de medio ambiente, identificando aquelas que non abordan a resolución dos problemas con profundidade.
- Utilización de datos e artigos de prensa e revistas especializadas para facer análises de casos de deterioro medioambiental, tirando conclusións.
- Realizar investigacións sobre o estado dos ecosistemas e principais causas do efecto invernadoiro.
- Analizar as consecuencias do cambio climático.
- Localización de exemplos de residuos xerados na produción e outros no consumo.
- Investigacións sobre ¿Que tipo de produtos son hoxe reciclables?
- Análise sobre capital e sustentabilidade, e.as taxas sostibles de explotación.

Contidos actitudinais:

- Toma de conciencia sobre o medio ambiente como recurso económico escaso e como elemento importante da calidade de vida.
- Actitude crítica ante as actuacións económicas que impliquen explotación abusiva de recursos naturais e degradación ambiental.
- Actitude crítica cara ó consumo e despilfarro das sociedades industrializadas como causa dos problemas medioambientais que se presentan na actualidade.

Unidade III: A organización e o funcionamento do sistema

Unidade de traballo 1ª: Os axentes económicos

Obxectivos didácticos:

- Identificar aos axentes que participan na actividade económica.
- Recoñecer a función económica das familias como receptoras de ingresos e como protagonistas do gasto.
- Recoñecer o papel que desempeñan as empresas.
- Identificar os diferentes tipos de empresas.
- Recoñecer o papel que xogan as empresas multinacionais na sociedade actual.
- Identificar as funcións do Estado.
- Recoñecer os distintos niveis en que se estrutura o Sector Público.
- Recoñecer o papel que desempeñan os Sindicatos e as Organizacións Empresariais na vida económica.

Contidos conceptuais:

- Os protagonistas da actividade económica.

- As economías domésticas ou fogares.
- As empresas.
- O Sector público.
- A terciarización da economía.
- Os axentes sociais.

Contidos procedementais:

- Elaboración de esquemas e gráficos que mostren as relacións que manteñen entre si os axentes económicos.
- Realizar investigacións sobre as distintas fontes de ingreso e gasto das familias.
- Análise e comparación dos destinos do gasto entre países desenvolvidos e menos desenvolvidos.
- Realización de esquemas que mostren as diferentes clasificacións das empresas que se poden dar.
- Realización de esquemas que mostren a composición do Sector público.
- Avaliación dos aspectos sociais e económicos do Estado.
- Lectura e interpretación da Constitución naqueles aspectos referidos á actuación dos axentes económicos.
- Investigación sobre o papel dos axentes sociais.

Contidos actitudinais:

- Valorar o comportamento das familias como unidades de consumo.
- Valorar a intervención do Estado como sustentador da sociedade do benestar.
- Valorar positivamente a actuación da empresa como organismo coordinador da actividade económica, xeradora de rendas e dos bens e servizos necesarios.

Unidade de traballo 2ª: Intercambio e mercado.

Obxectivos didácticos:

- Coñecer a evolución do diñeiro ao través do tempos.
- Aproximarse a concepto de mercado e distinguindo os diferentes tipos.
- Identificar os dous tipos de operacións fundamentais que se dan no interior do sistema: a compravenda de bens e servizos e a compravenda de factores.
- Identificar a corrente monetaria e real que se dá en todo proceso de intercambio.
- Recoñecer o funcionamento dos mercados que se dan no aparato produtivo.
- Identificar as funcións do sistema de prezos na economía de mercado.

Contidos conceptuais:

- O intercambio e a aparición do diñeiro.
- O valor das mercadorías intercambiadas: os prezos.
- O mercado.

Contidos procedementais:

- Identificar os distintos instrumentos da coordinación da produción.
- Representación en varios niveis dos fluxos que teñen lugar na economía, identificando as súas interdependencias e a necesidade de complementariedade e de coordinación.
- Identificar a relación entre división técnica do traballo, produtividade e interdependencia económica, realizando un estudo de casos.

- Elaboración dunha clasificación dos mercados, buscando exemplos concretos que os identifiquen e representen.
- Apreciación da diferenza entre os modelos teóricos de mercado e a realidade, valorando os supostos de competencia perfecta.

Contidos actitudinais:

- Interese por desenvolver unha opinión acerca do mercado como método de asignación de recursos.
- Interese por coñecer as bases teóricas que explican o funcionamento dos mercados.

Unidade de traballo 3ª: Demanda, oferta e equilibrio de mercado

Obxectivos didácticos:

- Comprender o comportamento dos consumidores e realizar a súa representación por medio das curvas de demanda.
- Comprender o punto de vista da empresa e realizar a súa representación mediante a curva de oferta.
- Analizar o equilibrio no mercado e os mecanismos do prezo.

Contidos conceptuais:

- A microeconomía
- Análise da demanda
- A elasticidade de demanda
- Análise da oferta: a teoría da produción
- O equilibrio do mercado
- A competencia imperfecta, realidade actual do mercado.

Contidos procedementais:

- Identificación das variábeis que inflúen na demanda e na oferta, e as repercusións na representación gráfica destas das variacións en cada unha das variábeis.
- Confección de gráficas que representen as leis da demanda e da oferta.
- Realización de cálculos de elasticidade da demanda e análise da repercusión das políticas de prezos nos ingresos dos produtores.
- Resolución de exercicios a partir das funcións de oferta e demanda, desenvolvendo casos de formación do prezo, e explicación das variacións en función das distintas variábeis.
- Expresión verbal e gráfica do equilibrio a empresa en competencia perfecta.
- Apreciación da diferenza entre os modelos teóricos de mercado e a realidade, valorando os supostos de competencia perfecta.

Contidos actitudinais:

- Valorar o sistema de prezos como elemento asignador de recursos do mercado.
- Interese por desenvolver unha opinión acerca do mercado como método de asignación de recursos.

Unidade IV: O crecemento económico e a riqueza.

Unidade de traballo 1ª: As variábeis macroeconómicas

Obxectivos didácticos:

- Comprender o proceso de crecemento dunha economía.
- Aproximarse a conceptos tales como renda, consumo, investimento.
- Coñecer a distribución da renda no noso país.
- Calcular as magnitudes macroeconómicas máis importantes tales como o PIB, PNB, Renda Nacional, Renda per cápita, Renda monetaria e real, Renda dispoñíbel.
- Coñecer os elementos integrantes do PIB ou da RND.
- Distinguir prezo de custo, prezos de mercado, valores reais e valores monetarios.
- Diferenciar entre unha medición cuantitativa e outra cualitativa das variábeis estudadas.
- Comprender, de xeito simple, cómo funciona globalmente o sistema económico.
- Valorar as dificultades de crecemento dos países menos desenvolvidos.

Contidos conceptuais:

- A microeconomía e a macroeconomía
- As variábeis macroeconómicas
- As relacións entre as variábeis
- A renda interior e a distribución do PIB
- Os ciclos económicos
- Como medir a riqueza dun país
- Relación entre crecemento e destrución medioambiental

Contidos procedementais:

- Calcular as distintas magnitudes económicas partindo de datos obtidos da realidade galega e española.
- Identificación e análise de indicadores económicos básicos en diversos países do mundo, comparándoos coa situación en Galiza.
- Lectura, interpretación e elaboración de cadros estatísticos e gráficos sobre cuestións de actualidade.
- Análise de datos macroeconómicos a través de gráficas e identificación de conceptos e magnitudes, diferenciando uns doutros.
- Comentario de textos xornalísticos que fagan análise de situacións, en especial sobre a riqueza ou pobreza dos países.
- Utilización de series temporais, practicando en corrixir series, por medio do deflactor.
- Interpretación da evolución do PIB, identificando as relacións entre as diferentes magnitudes, o crecemento económico e as situacións de crise.
- Identificación dos indicadores de nivel de vida, diferenciándoos daqueles que nos permiten medir a calidade de vida.
- Análise da distribución da renda espacial e persoal, utilizando os datos pertinentes.
- Análise comparativa e crítica das informacións dos medios de comunicación social sobre feitos ou fenómenos económicos, diferenciando datos, opinións e predicións.

Contidos actitudinais:

- Valoración da importancia da distribución da renda nun país, como un índice de benestar e de equidade, e actitude crítica ante a súa distribución desequilibrada.

- Interese pola participación en debates.
- Interese por valorar o papel de Galiza no contexto español e comunitario.
- Desenvolvemento dunha actitude positiva cara ao coñecemento do Produto Nacional dun país como expresión da súa capacidade produtiva e xeradora de riqueza.
- Valorar a importancia dos indicadores de benestar e desenvolver unha actitude crítica que permita recoñecer as deficiencias e limitacións para medir a calidade de vida.
- Interese polo medio ambiente como elemento de calidade de vida que debe ser considerado nas contas nacionais.

Unidade de traballo 2ª: As interrelacións económicas: as TIOGA

Obxectivos didácticos:

- Comprender o proceso de crecemento dunha economía.
- Aproximarse a conceptos tales como renda, consumo, investimento.
- Coñecer a distribución da renda no noso país.
- Calcular as magnitudes macroeconómicas máis importantes tales como o PIB, PNB, Renda Nacional, Renda per cápita, Renda monetaria e real, Renda dispoñíbel.
- Coñecer os elementos integrantes do PIB ou da RND.
- Distinguir prezo de custo, prezos de mercado, valores reais e valores monetarios.
- Diferenciar entre unha medición cuantitativa e outra cualitativa das variábeis estudadas.
- Comprender, de xeito simple, cómo funciona globalmente o sistema económico.
- Valorar as dificultades de crecemento dos países menos desenvolvidos.

Contidos conceptuais:

- A interdependencia da actividade económica.
- As transaccións intermedia.
- A produción final.
- O valor engadido.

Contidos procedementais:

- Calcular as distintas magnitudes económicas partindo de datos obtidos da realidade galega e española.
- Identificación e análise de indicadores económicos básicos en diversos países do mundo, comparándoos coa situación en Galiza.
- Lectura, interpretación e elaboración de cadros estatísticos e gráficos sobre cuestións de actualidade.
- Análise de datos macroeconómicos a través de gráficas e identificación de conceptos e magnitudes, diferenciando uns doutros.
- Análise comparativa e crítica das informacións dos medios de comunicación social sobre feitos ou fenómenos económicos, diferenciando datos, opinións e predicións.
- Valoración das táboas intersectoriais como método de mostrar as interrelacións económicas que se dan nunha sociedade.

Contidos actitudinais:

- Valoración da importancia dos datos estatísticos dun país como medio de coñecer a súa realidade.
- Interese pola participación en debates.
- Interese por valorar o papel de Galiza no contexto español e comunitario.

- Valorar a importancia dos indicadores de benestar e desenvolver unha actitude crítica que permita recoñecer as deficiencias e limitacións para medir a calidade de vida.
- Interese polo medio ambiente como elemento de calidade de vida que debe ser considerado nas contas nacionais.

Unidade V: As políticas económicas

Unidade de traballo 1ª: O sector público na economía. A política fiscal

Obxectivos didácticos:

- Identificar e diferenciar as distintas finalidades do Estado, así como as súas funcións.
- Recoñecer o importante papel do Estado na economía e identificar a forma en que se leva a cabo esa intervención.
- Recoñecer os Orzamentos Xerais como a materialización da intervención do Comunidade no mundo económico cos fins e funcións establecidos.
- Coñecer e interpretar os orzamentos do Estado, de Galiza e do Concello.
- Relacionar a existencia de bens e servizos públicos coa existencia dunha organización económica da sociedade.

Contidos conceptuais:

- A intervención do sector público na economía. Dúas maneiras de entender o problema: liberalismo e intervencionismo.
- A teoría keynesiana sobre a intervención do Estado.
- A política económica.
- Os orzamentos. O ciclo orzamentario.
- A política fiscal

Contidos procedementais:

- Comparación entre intervencionismo e non intervencionismo.
- Clasificación de distintos tipos de gastos e ingresos públicos.
- Análise e interpretación dos Orzamentos Xerais do Estado e dos Orzamentos da Xunta de Galicia.
- Manexo de información sobre impostos directos e indirectos.
- Identificación de medidas de redistribución da renda en datos pertinentes.
- Utilizando os Orzamentos Xerais do Estado, de Galiza e dun Consello, elaboración dunha proposta de orzamento e posterior debate sobre a mesma.
- Recoñecemento, en exemplos concretos, das funcións e dos fins do Estado.
- Recoñecemento e identificación dos instrumentos de política económica.
- Busca, en diferentes fontes de información, de actuacións do Estado na vida económica que poidan ser controvertidas, para a súa análise e discusión.
- Interpretación da evolución do gasto público e a súa relación coa evolución económica xeral.
- Planificación e realización dun debate no que se acheguen opinións razoadas e fundamentadas sobre problemas de actualidade como: o desemprego, os impostos, o gasto público, etc.
- Identificación de medidas concretas de política fiscal, analizando vantaxes e inconvenientes, segundo os sectores escollidos.

Contidos actitudinais:

- Valoración da intervención do Estado como unha acción de redistribución da renda entre todos os cidadáns.
- Valoración dos impostos progresivos e outros instrumentos redistributivos como elementos de equidade e solidariedade.
- Actitude positiva cara ás funcións do Estado no mundo económico.

Unidade de traballo 2ª: O sistema financeiro e a política monetaria.

Obxectivos didácticos:

- Comprender o papel do diñeiro na nosa sociedade, así como recoñecer as distintas clases de diñeiro.
- Comprender o funcionamento do sistema financeiro, diferenciando o papel das entidades públicas e privadas.
- Coñecer o funcionamento da banca.
- Comprender e identificar as causas e consecuencias da inflación sobre o conxunto da economía.
- Comprender a importancia e o cálculo dos instrumentos de medición da inflación.
- Coñecer o labor do Banco Central Europeo e o Banco de España e entender determinadas medidas de política monetaria, así como os instrumentos que se utilizan para levalas adiante.
- Comprender o mecanismo de funcionamento da Bolsa.

Contidos conceptuais:

- O diñeiro. Orixe e funcións.
- O nacemento da banca
- Como medir o diñeiro que temos?
- O sistema financeiro.
- O mercado de valores.
- A inflación
- A política monetaria.

Contidos procedementais:

- Identificación dos cambios no valor do diñeiro, así como dos indicadores utilizados para medilos.
- Utilización de datos de distintas fontes, e construción de gráficos para analizar as variacións do IPC.
- Análise da composición e do cálculo do IPC.
- Análise do funcionamento do sistema financeiro, diferenciando as entidades públicas e privadas.
- Cálculo da Base Monetaria, M1, M2, M3 e ALPs, utilizando datos provenientes de institucións financeiras oficiais.
- Manexo de series estatísticas que permitan seguir e apreciar a variación do diñeiro ao longo do tempo.
- Análise da prensa económica en aspectos referentes á política monetaria e o mercado da Bolsa.
- Recoñecemento, en feitos concretos, do proceso de creación do diñeiro.

- Identificación das repercusións económicas e sociais da inflación.
- Identificación de medidas de política monetaria.
- Preparación e presentación de breves exposicións sobre problemas económicos de actualidade, incorporando opinións e xuízos propios, de xeito claro, con argumentos razoados e con referencias a exemplos e datos apropiados.

Contidos actitudinais:

- Interese por coñecer os efectos da inflación sobre os distintos suxeitos económicos.
- Toma de conciencia da importancia do sistema financeiro na vida económica do país.
- Valoración da importancia de coñecer o cálculo do IPC e do seu coñecemento polos cidadáns.

Unidade VI: A economía internacional

Unidade de traballo 1ª: As relacións económicas internacionais.

Obxectivos didácticos:

- Coñecer as razóns do intercambio comercial entre países.
- Emitir xuízos razoados na polémica entre librecambismo e proteccionismo.
- Coñecer os mecanismos de regulación e control das relacións internacionais.
- Comprender o funcionamento do mercado de divisas.
- Coñecer as razóns económicas da UE.
- Coñecer os organismos económicos internacionais.
- Aproximarse á comprensión do Sistema Monetario Europeo.
- Valorar o modelo de vida que impón a sociedade de consumo e identificar criticamente as súas repercusións: pobreza, crise, esgotamento dos recursos, etc.

Contidos conceptuais:

- As razóns do comercio entre países.
- Liberalismo e proteccionismo. Controles ou limitacións ao comercio.
- As unións comerciais e económicas.
- O mercado de cambios e problemas monetarios.
- Repercusións da política económica interior no exterior.
- O fenómeno da integración económica; unha tendencia actual: A UE
- Organismos económicos internacionais. GATT e a OMC.

Contidos procedementais:

- Elaboración a partir de datos estatísticos obtidos de diferentes fontes, de gráficos, mapas e listaxes de produtos e países importadores e exportadores.
- Identificación das trabas ao libre comercio en casos concretos.
- Identificación e análise das consecuencias das medidas de devaliación ou revaliación da moeda dun país no comercio internacional.
- Identificación das consecuencias de medidas como a devaliación no comercio exterior dun país, a través da análise dos diversos sectores económicos.
- Identificación dos principais organismos e tratados internacionais, e recoñecemento do seu papel na regulación da nova orde económica internacional.
- Presentación de pequenas investigacións ou estudos monográficos sobre cuestións de actividade económica, utilizando informacións obtidas de distintas fontes.

- Identificación en casos concretos de indicadores de intercambio desigual no comercio entre países desenvolvidos e en vías de desenvolvemento.

Contidos actitudinais:

- Actitude positiva cara aos produtos nacionais fronte aos chegados de fóra.
- Toma de conciencia sobre o feito de que o intercambio desigual é un xeito de empobrecer os países en vías de desenvolvemento e de xerar dependencia.
- Valoración da importancia dos acordos do GATT no comercio internacional.
- Valoración das consecuencias da devaluación nos cidadáns e na economía en xeral.
- Toma de conciencia sobre as consecuencias da inserción de España na Unión Europea e as súas repercusións para Galiza.

Unidade de traballo 2ª: A balanza de pagamentos.

Obxectivos didácticos:

- Coñecer os mecanismos de regulación e control das relacións internacionais.
- Comprender a importancia económica da Balanza de pagamentos e establecer relacións entre esta e a estrutura produtiva dun país.
- Diferenciar as partes en que se estrutura a balanza de pagamentos.

Contidos conceptuais:

- A Balanza de pagamentos. Estrutura e desequilibrios básicos.
- A Balanza de pagamentos e os niveis de desenvolvemento.

Contidos procedementais:

- Interpretación e análise dos datos esenciais da BP, identificando as partidas máis importantes.
- Análise dos desequilibrios da BP nos países desenvolvidos e comparación cos países en vías de desenvolvemento.
- Confección dunha Balanza de pagamentos en base a determinados datos.
- Identificación e análise dos desequilibrios básicos da BP española e da Balanza comercial de Galiza.
- Identificación, en casos concretos, de indicadores de intercambio desigual no comercio entre países desenvolvidos e en vías de desenvolvemento.

Contidos actitudinais:

- Valorar a importancia da Balanza de pagamentos como un instrumento importante á hora de analizar a situación económica dun país.
- Toma de conciencia sobre o feito de que o intercambio desigual é un xeito de empobrecer os países en vías de desenvolvemento e de xerar dependencia.

Unidade de traballo 3ª: A Unión europea.

Obxectivos didácticos:

- Coñecer as funcións da Unión Europea.
- Comprender o funcionamento da UE.
- Diferenciar os distintos fondos estruturais que existen na UE.
- Identificar as distintas políticas que nas diferentes sectores leva adiante a UE.

- Comprender o funcionamento do Sistema Monetario Europeo.
- Coñecer a evolución da UE e as perspectivas de futuro.
- Distinguir as distintas etapas polas que pasou a historia da UE.
- Identificar as liñas de actuación da Comunidade Europea nos diferentes campos.

Contidos conceptuais:

- A creación dunha Europa unida.
- Etapas na construción da UE
- As ampliacións da Unión Europea.
- As políticas europeas.
- O sistema monetario europeo.
- O financiamento da Unión Europea.
- As institucións da UE

Contidos procedementais:

- Elaboración de croquis e mapas das sucesivas etapas e ampliacións da UE.
- Localización sobre o destino e razón dos diferentes fondos europeos.
- Recoñecemento dos criterios de converxencia esixidos para a integración na UE.
- Localización de información sobre aplicacións concretas dos fondos europeos.
- Debate sobre os beneficios e desvantaxes da política monetaria europea.

Contidos actitudinais:

- Valorar a importancia da existencia da UE como organismo de coordinación de políticas comúns e desenvolvemento dunha nova conciencia europea.
- Interese en coñecer os beneficios que representa estar integrados na UE.
- Mostra actitudes positivas cara á formación dunha Europa social e económica máis forte no contexto mundial.
- Recoñecer a importancia dunha Europa social baseada no Estado do Benestar.
- Desenvolver actitudes positivas cara á formación dunha Europa plural baseada máis nos pobos e rexións que nos estados.

Unidade de traballo 3ª: O desenvolvemento e o subdesenvolvemento.

Obxectivos didácticos:

- Identificar as grandes liñas do desenvolvemento mundial.
- Coñecer as causas que favoreceron o desenvolvemento económico nun determinado número de países, así como as que impediron o desenvolvemento noutros.
- Analizar o significado do desenvolvemento e do subdesenvolvemento.
- Identificar os elementos que serven para medir a riqueza ou pobreza dos pobos.
- Analizar os problemas que, en moitos países, causa a débeda externa.
- Coñecer a realidade do intercambio desigual.
- Coñecer as teses do círculo vicioso da pobreza.
- Identificar indicadores de subdesenvolvemento dentro do mundo desenvolvido.
- Valorar as axudas ao Terceiro Mundo.
- Reflexionar sobre as medidas que se poden tomar para saír do subdesenvolvemento.

Contidos conceptuais:

- As grandes liñas do desenvolvemento mundial.

- Causas do crecemento económico.
- A fotografía do planeta. Centro, periferia e semiperiferias.
- Elementos que poden explicar o crecemento dos países capitalistas avanzados.
- Os problemas do crecemento nos países subdesenvolvidos.
- Tendencias actuais do comercio mundial.

Contidos procedementais:

- Elaboración de táboas, gráficos e mapas onde aparezan os datos máis característicos das situacións de desigualdades mundiais.
- Lectura, interpretación e elaboración de cadros estatísticos e gráficos sobre cuestións de actualidade.
- Uso de estatísticas sobre o desenvolvemento e o subdesenvolvemento, así como de artigos da prensa e atlas económicos, identificando as repercusións da débeda externa.
- Análise das desigualdades entre Norte e Sur e os problemas que se presentan nos países subdesenvolvidos, valorando os problemas do crecemento económico.
- Análise das grandes opcións de política económica diante dos problemas estruturais e como repercuten no desenvolvemento do país.
- Presentación de pequenas investigacións ou estudos monográficos sobre cuestións de actividade económica, utilizando informacións obtidas de distintas fontes, e valorando os seus resultados.
- Análise comparativa e crítica de informacións dos medios de comunicación social sobre feitos ou fenómenos económicos, diferenciando datos, opinións e predicións.

Contidos actitudinais:

- Actitude positiva cara a desenvolver medidas de axuda que contribúan a loitas contra as desigualdades mundiais
- Toma de conciencia sobre a situación xerada polo círculo vicioso da pobreza.
- Valoración crítica das necesidades de consumo.
- Toma de conciencia sobre a necesidade das axudas ao Terceiro Mundo.

A avaliación na economía

Unha vez que avanzamos na Unidade Didáctica, o problema que se nos presenta é o de **cómo avaliar** o proceso que se levou a cabo. Unha cousa é ter os elementos teóricos do que é a avaliación e outra moi distinta dispoñer dos medios e instrumentos de avaliación “eficientes”, é dicir, **válidos** (capaces de medir o que se pretende medir) e **fiábeis** (precisos no que respecta ao resultado). Estes instrumentos deben valer para comprobar o grao de aprendizaxe, ao mesmo tempo que coñecer o non aprendido e determinar o por qué.

A avaliación non ten que se centrar exclusivamente nos resultados finais, senón que debe proporcionar información tanto ao profesorado como aos alumnos e alumnas sobre o propio proceso da aprendizaxe, servindo de base para iniciativas que propicien a modificación ou amellora da súa práctica. A avaliación non é, pois, un acto illado ao final dunha unidade didáctica ou do curso, senón un proceso de recollida constante de información, que nos permitirá emitir xuízos cos que cualificar unha actuación e tomar decisións.

A avaliación pódese estruturar en tres fases, unha inicial, outra intermedia ou formativa e ao final unha sumativa ou definitiva.

A avaliación inicial

Débase partir dunha proba inicial que normalmente serve para valorar o coñecemento de conceptos que actúan como prerequisites e da terminoloxía que se vai utilizar, e tamén para valorar a importancia de certos problemas ou cuestións, detectando ideas preconcebidas. Será un punto de referencia para outras posteriores e así medir a súa evolución e progreso.

Mais, como coñecer o que os alumnos e alumnas saben? O instrumento utilizado, ademais das informacións que poidamos ter de avaliacións anteriores e outros informes, seguen a ser os cuestionarios ou a presentación dunha situación problema ante a que os alumnos e as alumnas deban facer un predición ou dar unha explicación.

O proceso de avaliación vén de recoller non só os pasos dados polos alumnos e alumnas, senón polo propio proceso de ensino-aprendizaxe en si mesmo. Foron propostas as actividades necesarias para acadar determinadas capacidades? Foi adecuado o material proporcionado? Os programas de “recuperación”, foron unha mera repetición do xa realizado, ou ben estiveron adaptados a cada alumno ou alumna, segundo o tipo de carencia que tiña? O tempo dedicado ao desenvolvemento da cada unidade foi o necesario?

A avaliación formativa

O obxectivo da avaliación formativa non é clasificar ou certificar ao alumnado, senón máis ben axudar tanto ao alumno ou alumna como ao profesorado a enfocar os esforzos, a fin de conseguir un dominio total dos obxectivos.

- A avaliación dos contidos

As actividades de calquera unidade responden “normalmente” a unha variedade de contidos, polo que se fai necesario desenvolver actividades de avaliación referidas a estes diferentes tipos de contidos, tales como os **feitos** (que implican memorización, relación con outros contidos... O normal é acudir a cuestionarios de preguntas concretas, estes proporcionan información veraz sobre se se sabe ou non se sabe).

Conceptos (coñecementos, comprensión, ser capaz de transferir a outra situación un método ou caso, probas que impliquen a actividade intelectual do alumno ou alumna...), pódese utilizar o método de pedir definicións ou o sistema de identificación de obxectos ou situacións; outro modelo sería pedirles que fagan exposicións, ben orais ou escritas; isto tería a vantaxe de que necesariamente se han de relacionar entre si os conceptos de modo significativo (orde, conexións, comparacións, e deben ter un principio e un final), ademais de ser, á vez, un procedemento. A aplicación dos conceptos aprendidos á solución de problemas é de orde superior, precisando, ao mesmo tempo, o dominio de procedementos.

Procedementos (habilidades na construción de gráficos, elaboración de táboas, uso da información, realización de guións ou esquemas...). No que se refire ao control do grao de aprendizaxe e dominio dos procedementos, poden seguirse dúas técnicas: ou ben facer preguntas concretas sobre “cómo se realiza unha actividade determinada”, ou propoñer unha actuación que implique a posta en práctica do procedemento obxecto de control e medición. Por outra banda, é necesario comprobar, para coñecer o grao real de dominio dun procedemento, se é capaz de utilizar o procedemento aprendido en situacións novas, así como distinguir o tipo de procedemento que en cada caso é necesario aplicar.

As **actitudes** (colaboración nos traballos, desenvolvemento de opinións críticas, participación nas tarefas colectivas, colaboración no bo funcionamento e desenvolvemento da clase...). A avaliación de actitudes e valores é moi difícil, ten moito a ver coa capacidade persuasiva que o profesorado posúe e ten que ser recoñecida polos alumnos e alumnas como útil. De todas formas, hai cousas medíbeis como son: a realización de xuízos reflexivos e sistematizados, o recoñecemento de valores positivos cara a certo tipo de comportamentos recoñecíbeis como desexábeis (funcionamento da clase, participación nos traballos, grao de cumprimento dos compromisos adquiridos, nivel de traballo en grupo).

O alumnado debe saber que temos en conta o seu grao de participación no grupo e a participación ordenada nun debate, ou a formulación de preguntas en clase, e que o facemos como manifestación da súa solidariedade, da súa tolerancia e respecto ou capacidade de crítica.

En xeral, os criterios que empreguemos na avaliación deben ser coñecidos previamente polos nosos alumnos e alumnas. As actividades de avaliación deben ser acordes co que se realizou durante o proceso de ensinanza e aprendizaxe; a avaliación será tanto máis válida canto menos se diferencie das propias actividades de aprendizaxe. E, desde logo, a avaliación debe proporcionar información sobre as dificultades da aprendizaxe que se estean producindo.

A avaliación formativa, á parte dos casos anteriores, que poden valer para medir coñecementos puntuais ou formar parte dunha avaliación final, require un proceso de observación continua que se pode levar mediante as técnicas do anecdótico, control do traballo diario das actividades, preguntando no momento cómo se fai determinada cousa que están desenvolvendo, etc. Este tipo de rexistro require levar un control por parte do profesorado dos datos e informacións obtidas e conservar mostras dos traballos que van facendo os alumnos e alumnas para facer comparacións e medir o grao de progreso.

A avaliación final ou sumativa

A avaliación sumativa ten como obxectivo clasificar, nivelar e certificar aos alumnos e as alumnas a respecto do grao de cumprimento dos obxectivos marcados na unidade ou no curso. Ao final,

resumindo moito, supoñería coñecer se o rendementos dos alumnos e alumnas foi suficiente e satisfactorio.

A avaliación esíxenos determinar perfectamente os obxectivos do ciclo, curso e da materia, programar actividades que abarquen todos os obxectivos, programar actividades de recuperación que se leven a cabo ao longo do curso, e medir para cada alumno e alumna o seu grao de progreso, tendo en conta seu punto de partida inicial.

Coa avaliación pretendemos premiar dalgún xeito todas as tarefas realizadas polos alumnos e alumnas, polo que consideraremos enormemente positiva a valoración do seu traballo diario, a participación na clase, e mesmo a asistencia como unha forma máis de manterse motivado coa materia. Considérase importante destacar as tarefas en grupo, sen deixar de valorar as probas que se poidan desenvolver ao longo do curso, tratando, iso si, de comprobar a comprensión dos temas tratados na aula, que non a súa memorización.

As avaliacións realizadas ao longo do curso terán un carácter máis orientativo que sancionador, e así o non superar unha sería indicativo da necesidade dun maior esforzo por parte do alumnado e non dunha tarefa pendente que tería que repetir na seguinte. A avaliación definitiva será a outorgada ao final do período lectivo, e globalizará todo un proceso de seguimento, no que destacará o desenvolvemento progresivo da alumna ou alumno.

Instrumentos de avaliación:

Cuestionarios, son útiles para:

- Indagar ideas previas.
- Contrastar marcos conceptuais de inicio e final.

Caderno de clase

- É un instrumento moi eficaz para obxectivar a información en torno ao traballo diario de clase.
- Serve para contrastar as observacións do profesor ou profesora.
- O seu control permite detectar erros, insuficiencias e elementos pouco traballados.

Exames e outras probas escritas ou orais

O exame con outros instrumentos de avaliación pode ser unha fonte de información útil para:

- Reproducir contidos conceptuais relevantes.
- Relacionar contidos próximos.
- Expresar opinións ou xuízos de valor.
- Aplicar contidos, especialmente procedementais.
- Resolver e formular problemas.

Probas de composición e ensaio

Son un conxunto de probas que permiten valorar diversas actividades desde aprendizaxes de tipo elemental) como coñecer: datas, sucesos, clasificacións, pasando por aprendizaxes de tipo superior, que supoñen procesos de descomposición-integración, é dicir, analizar e sintetizar. Poderían consistir en:

- Elaboración de resumos, esquemas, gráficas e mapas conceptuais.

- Comentario de textos.
- Elaboración de síntesis.

Este tipo de probas permite valorar a capacidade do alumno e alumna para a selección e organización das ideas principais dun tema traballado, a súa capacidade de análise e, en menor medida, o seu xuízo crítico.

Probas obxectivas

Son probas que se caracterizan pola súa brevidade, tanto na formulación da pregunta como na posíbel solución que está previamente determinada; son útiles para comprobar un amplo rango de tarefas de coñecemento e comprensión, e poden ser calificadas con facilidade, sendo a súa interpretación exacta; en concreto para avaliar o coñecemento de datos, dominio da terminoloxía e precisión de conceptos.

Distintos tipos de probas obxectivas:

Probas de opción múltiple

- Preséntaselle ao alumno e alumna un enunciado problemático e pídeselle que discrimine entre varias solucións posíbeis, habitualmente tres, das que unha é correcta e as outras “distraccións”.
- Son aptas para actividades que requiren comprensión, aplicación e discriminación de significados. etc. Moi útiles para indagar preconceptos.

Probas de texto incompleto

- Preséntaselle ao alumno e alumna un enunciado correcto no que faltan algunhas palabras referentes a feitos, conceptos ou principios.
- Son moi útiles para actividades que requiren unha forte memorización inicial. Pódese reforzar inmediatamente con probas de carácter comprensivo.

Informes, proxectos...

Na materia de Economía -e en xeral nas chamadas materias humanísticas- existe unha tradición avaliativa fundada nos “traballos”. Será preciso definir qué se entende por traballo, cáles son as potencialidades e qué obxectivos da aprendizaxe permite cubrir. O primeiro que habería que descartar é o traballo non dirixido e utilizado como pretexto para cualificar o alumno e alumna; igualmente, deberíase descartar o traballo que require do alumno e alumna unha mera copia de parágrafos que non comprende.

Crterios de avaliación

Crterios de avaliación (Decreto 231/2002 de 6 de xuño. DOG de 15 de xullo)

1. Utilizar os conceptos económicos básicos. Ler, interpretar e elaborar representacións gráficas e cadros estatísticos sobre cuestións de actualidade.
2. Identificar os problemas económicos básicos dunha sociedade e razoar a forma de resolvelos nos principais sistemas económicos, así como as súas vantaxes e inconvenientes.
3. Sinalar as relacións existentes entre división técnica do traballo, produtividade e interdependencia económica. Analizar o funcionamento dos distintos instrumentos de coordinación da produción, así como os seus desaxustes.

4. A partir dos datos sectoriais da economía galega, comprobar a adquisición dun coñecemento global sobre a estrutura produtiva no país, comparándoo con outras zonas e indicando solucións aos problemas detectados.
5. Analizar e valorar exemplos concretos de actuacións económicas que xeren deterioro medioambiental e/o explotación abusiva dos recursos naturais, tendo en conta as consecuencias.
6. Identificar as características que definen os distintos modelos teóricos de mercado, e explicar as variacións nos prezos dos bens e servizos a partir de cambios en distintas variábeis como renda, gustos, prezos doutros bens, etc. contrastando e explicando as desviacións que se producen na realidade a respecto dos modelos teóricos.
7. Diferenciar entre as principais magnitudes macroeconómicas (PIB, PNB, Renda Nacional, Renda per cápita, Renda monetaria e real, Renda dispoñíbel, tanto nas súas medidas brutas como netas, a prezos de mercado ou a custo de factores) e analizar as relacións existentes entre elas, valorando os inconvenientes que presentan como indicadores da calidade de vida. Explicar a xeración do excedente económico, a súa distribución e a incidencia nas políticas redistributivas.
8. Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e inconvenientes do seu papel na actividade económica. Interpretación dos orzamentos do Estado, Comunidade ou Concello, identificando as principais fontes de ingreso e destinos do gasto. Identificación en casos concretos de medidas de política fiscal ante problemas de actualidade.
9. Describir o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden, e identificar as distintas teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre o conxunto da economía.
10. Identificación dos compoñentes da oferta monetaria, así como o seu cálculo a partir de datos concretos.
11. Identificar e valorar as consecuencias das diferentes políticas económicas que se levan a cabo nos campos da inflación, desemprego, tipos de xuro, orzamentos, etc.
12. Análise comparativa e valoración crítica das informacións que aparecen nos diferentes medios de comunicación social sobre un mesmo feito, diferenciando entre datos, opinións e predicións.
13. Explicar as causas e valorar a importancia das relacións económicas internacionais, identificando as diferentes formas que estas poden tomar. Identificar a estrutura básica da balanza de pagamentos. Analizar as consecuencias da globalización e do intercambio desigual entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos. Análise das repercusións que unha variación nos tipos de cambio dunha moeda ten sobre o comercio internacional.
14. Identificación das vantaxes e desvantaxes competitivas coas que se atopa Galiza nun mercado mundial. Valoración do Espazo Económico e Monetario Europeo como unha forma de ampliar os campos de presenza e actuación para consumidores e empresas.
15. Análise e interpretación de datos, estatísticas, informes, etc. sobre cuestións de economía internacional. Elaboración de gráficas e cadros sobre aspectos estudados.

Mínimos esixíbeis

1. Distinguir as distintas definicións de economía, utilizando a terminoloxía económica básica.
2. Identificar cáles son os problemas económicos fundamentais dunha sociedade, caracterizando os diversos sistemas económicos. En concreto, verificar que os alumnos e alumnas identifiquen a escaseza e a necesidade de elección como un dos determinantes do problema de todo sistema económico.
3. Recoñecer os modelos teóricos dos distintos tipos de mercado: competencia perfecta e monopolio.
4. Explicar as condicións que fan posíbel a aparición do excedente, relacionándoas coa división do traballo e co progreso técnico, utilizando a relación entre excedente e crecemento para caracterizar a situación dos países subdesenvolvidos fronte aos desenvolvidos.
5. Analizar e valorar exemplos concretos de actuacións económicas que xeren deterioro medioambiental e/ou explotación abusiva de recursos naturais.
6. Diferenciar entre as principais magnitudes macroeconómicas e coñecer as relacións existentes entre elas, ponderando os problemas que presentan como indicadores do nivel de vida e da calidade de vida. En concreto: PIB, PNB, Renda Nacional, Renda per cápita e Renda dispoñíbel. E ver se son capaces de establecer relacións entre elas. Así mesmo, diferenciar os conceptos de nivel de vida e calidade de vida.
7. Explicar e ilustrar as finalidades do Estado nos sistemas de Economía de Mercado, e identificar os principais instrumentos que utiliza, en concreto dos orzamentos, como medios correctores da desigualdade económica.
8. Describir o proceso de creación do diñeiro e recoñecer as funcións do Banco de España, identificando as distintas teorías sobre a inflación e as súas consecuencias para a Economía.
9. Identificar as partidas que compoñen unha Balanza de pagamentos e analizar a súa estrutura.
10. Recoñecer os rasgos principais da economía galega e realizar unha avaliación comparativa da estrutura produtiva galega coa española e doutras comunidades.
11. Distinguir entre datos, opinións e predicións, e intentar explicar a orixe das distintas posturas fronte á mesma medida.
12. Ler, interpretar e elaborar cadros estatísticos e gráficos.

A atención á diversidade, actividades de reforzo e temas transversais

Medidas de atención á diversidade

Intentarase facer un esforzo para atender a cada alumno ou alumna da forma máis personalizada posíbel, tendo en conta o seu nivel de coñecementos e capacidades que posúe, as súas motivacións e ritmo de aprendizaxe, etc.

Naquelas ocasións nas que sexa necesario, realizaranse adaptacións curriculares modificando: material escolar, actividades, método, grupos de traballo, tempo e orde dos contidos e criterios de avaliación, aplicándoos de forma individualizada.

Actividades de recuperación ou reforzo

Por reforzo educativo enténdese toda medida ordinaria de atención á diversidade que afecta á secuencia dos contidos, á forma e instrumentos de avaliación, á organización da aula, etc. É unha acción educativa específica, adicional ou complementaria, no marco de traballo na aula para atender dificultades de aprendizaxe, que non precisan doutras adaptacións curriculares máis profundas.

Cada profesor deste departamento, no ámbito concreto da súa materia tomará e poñerá en marcha as medidas de reforzo educativo ou recuperación que vexa necesarias.

Temas transversais

Os temas transversais que a Lei establece, Educación para a Paz, Educación moral e cívica, Educación para a saúde, Educación para igualdade dos sexos, Educación ambiental, Educación sexual, Educación vial e a Educación para o consumidor, por ser contidos que responden a unha demanda da sociedade, estarán presentes ao longo do curso fundamentalmente no sentido actitudinal e de valores. Serán traballados conxuntamente cos temas que, polas súas características, sexan máis acordes.

Actividades complementarias e recursos didácticos

Actividades complementarias e extraescolares

Os alumnos e alumnas de bacharelato realizarán unha visita específica a unha empresa, das existentes no contorno da cidade ou da vila, co obxectivo de completar a súa formación específica, comprobando como se leva adiante a actividade, como se organiza, etc. Os alumnos e alumnas de deberán facer un breve traballo no que se reflicta o observado.

Materiais e recursos didácticos

Para levar adiante o proceso de ensinanza e aprendizaxe precisaremos apoiarnos nuns recursos que, na maioría das veces, se basean en soportes escritos ou visuais. Así, salientaremos a utilización de libros ou material de actividades propostas polo profesor ou profesora, o vídeo fundamentalmente e, por suposto, internet, que é hoxe a principal fonte de datos que podemos ter a man.

Texto recomendado para uso na aula:

Baía Edicións: **Economía. 1º Bacharelato**, do que son autores Lourdes Arias Rodríguez e Rafael Prieto-Puga Fariña, especialmente deseñado para este nivel educativo.